

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	P.E. TREBOADA E LIÑA DE EVACUACIÓN
Promotor	WIND GROWER, SLU; NIF: B16637241
Localización	CONCELLOS DE CASTRO CALDELAS, CHANDREXA DE QUEIXA, A POBRA DE TRIVES, E SAN XOÁN DE RÍO (OURENSE) E RIBAS DE SIL (LUGO)
Expediente	IN408A 2019/078

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de Ourense da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas de Ourense da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 21/09/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1745232, unha solicitude de informe, en relación a avaliación de impacto ambiental do proxecto de referencia. Posteriormente, con data 10/11/2021 e número de rexistro de entrada 2021/2093046 recibe unha reiteración da solicitude de informe.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002.



- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.
- Real Decreto 299/2016, de 22 de julio, sobre la protección de la salud y la seguridad de los trabajadores contra los riesgos relacionados con la exposición a campos electromagnéticos.
- Informe Técnico: "Campos electromagnéticos y salud pública". Ministerio de Sanidad. Mayo 2001.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015.
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Shadow Flicker Review for Alberta Utility Commision. Green Cat Renewables Canada Corporation. 2019.
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte



INFORME:

1. ANTECEDENTES.

O presente informe realízase avaliando se, no estudo, se tiveron en conta, se identificaron e se valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e posterior desmantelamento no seu caso. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco.
- Determinación dos potenciais perigos.
- Identificación das posibles vías de exposición.

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realizase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.



2. AVALIACIÓN.

2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco.

O proxecto do parque eólico P.E. Treboada e da liña de evacuación eléctrica discorre a través dos concellos de San Xoán de Río, Castro Caldelas, A Pobra de Trives e Chandrea de Queixa (Ourense) e Ribas de Sil (Lugo).

No proxecto faise unha valoración de alternativas de implantación do parque eólico e do trazado da liña de evacuación, analizando entre outros, factores medioambientais, hidrolóxicos, paisaxísticos, hábitats ou factores socioeconómicos.

Respecto a afección aos núcleos de poboación, indican que non existe actividade industrial nin vivendas no entorno do parque eólico. Entre as poboacións máis próximas ao parque eólico atópanse: Argas Vellas a 570 m, A Pola a 580 m, Quintela a 830 m, Cima de Vila a 840 m e Vilardá a 860 m, sendo o entorno de tipo forestal e rural. Respecto as distancias a liña aérea de evacuación de AT, atópanse vivendas a distancias superiores aos 30 m.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, no que se empregan os mapas do Plan Nacional de Ortografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase que as instalacións respectan as indicacións recollidas no Plan Sectorial Eólico de Galicia sobre o mantemento dunha distancia mínima de 500 metros aos núcleos urbanos ou rurais na contorna.

A valoración do cumprimento das distancias ás zonas habitadas, deberá facela o órgano competente ao respecto.

2.2.-Determinación dos potenciais perigos.

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes

- Augas residuais.





- Gases dos motores dos vehículos e da maquinaria.
- Outros gases: hexafluoruro de xofre (SF6) empregado nos equipos eléctricos, ozono, óxidos de nitróxeno e ácido nítrico en presenza de humidade (efecto coroa) xerado polas liñas de alta tensión.
- Po e partículas, procedente de movemento de terras, voaduras e desprazamento de vehículos e maquinaria.

b) Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas, funcionamento das turbinas eólicas e o xerado polos transformadores e as liñas (efecto coroa).

c) Residuos perigosos e non perigosos xerados nas distintas fases do proxecto.

d) Produtos perigosos empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: Aceites minerais, combustibles, Fitosanitarios (Herbicidas), Biocidas (protectores da madeira), etc.

e) Electrocución.

f) Campos electromagnéticos xerados polas instalacións.

g) Outros:

- Pragas e vectores.
- Incendios.
- Arrastre de sedimentos.
- Vertidos accidentais.
- Outras emerxencias.

2.3.- Identificación das posibles vías de exposición.

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a exposición.



2.3.1 Aire.

- Identifícanse emisións de po e partículas na fase de construción e desmantelamento (por movementos de terra, escavacións, transporte de materiais e tráfico de maquinaria) e na fase de explotación (por tráfico de vehículos do persoal de mantemento), contéplanse medidas protectoras como humectación dos viais ou uso de toldos ou lonas en camións de transporte de terra, sendo polo tanto o impacto sobre a poboación non significativo. Refírense medidas de vixilancia e seguimento ambiental ao respecto.
- No caso da realización de voaduras deberá prestarse especial atención ás medidas de seguridade e de control da dispersión de partículas e po. O plan de vixilancia ambiental non contempla medidas de seguimento ao respecto.
- Identifícanse emisións de gases dos motores de vehículos e maquinaria e contéplanse medidas protectoras de mantemento e de seguimento das mesmas no plan de vixilancia ambiental.
- Refírense ao emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF₆), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos do parque, facendo referencia no seu caso a carga e baldeirado e aos sistemas de vixilancia do mesmo.
- Faise un estudo do posible efecto coroa na LAT, pero non se estima a posibilidade de xeración de outros gases (efecto coroa – óxidos de nitróxeno) e ácido nítrico en presenza de humidade, nin se valoran os niveis dos mesmos en relación á normativa sobre avaliación e xestión da calidade do aire, e a súa posible incidencia no caso de puntos próximos a zonas poboadas, así como a súa posible sinerxia con outras liñas eléctricas ao respecto de núcleos próximos como por exemplo o núcleo de O Reboledo.
 - Ruído e vibración.

Presentase un estudo preoperacional con medicións directas e unha modelización acústica (mediante software de predición acústica Cadna-A) da emisión dos aeroxeradores (Anexo E) para os períodos día, tarde e noite, detallando a



caracterización de emisores e receptores e determinando a calidade sonora previa. Efectúase comparativa entre o modelo e o estudo preoperacional.

En fase de obra indican un control dos niveles acústicos, evitando operacións con maquinaria ruidosa en horario nocturno.

Indícase en fase de funcionamento que tendo en conta as áreas acústicas definidas na táboa B1 do Anexo III do R.D. 1367/2007, considerase que se trata de núcleos rurais con carácter eminentemente residencial, sendo os valores límite legais máis restritivos os que se refiren aos niveis nocturnos (L_n : 45 dB(A)). Para os núcleos de poboacións máis próximos aos aeroxeradores efectúan unha modelización do entorno, obtendo como resultado que non se prevé afección acústica ao determinar que se atopan fora das bandas acústicas superiores aos $L_n > 45$ dB(A).

Indican seguimento de ruídos con sonómetro integrador tipo I para garantir o cumprimento da normativa en materia de ruídos, nos mesmos puntos nos que se realizou o estudo preoperacional co obxecto de poder avaliar o incremento da presión sonora na zona pola presenza da infraestrutura.

Respecto aos efectos sinérxicos, analiza os posibles efectos sinérxicos con outros parques eólicos próximos (como P.E. Ventumelo ou P.E. Serra do Burgo ampliación). No caso máis restritivo (índice nocturno L_n), o parque eólico Treboada poderá ter efecto sinérxico sobre o núcleo Chaveán (a uns 910 m no concello de Chandrexa de Queixa) co parque eólico Serra do Burgo ampliación, que segundo a modelización exposta prodúcese un aumento da afección sonora de 2 dB, pasando dun rango de 35 – 37 dB a un rango 37 – 39 dB, non superando os límites legais.

Ao respecto do efecto coroa analizarase a posible influencia nos niveis de ruído e a súa sinerxia con outras liñas próximas con respecto a vivendas no núcleo de O Reboledo. Deberán indicarse as medidas preventivas e correctoras a acometer.

Os criterios empregados para os cálculos teóricos e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.



- Campos electromagnéticos.

O parque eólico Treboada de 50 MW está integrado por 12 aerogeneradores (10×4,2 MW e 2×4,0 MW de potencia nominal unitaria - 0,69/30 kV), onde os aerogeneradores interconectanse coa subestación elevadora Treboada M.T./A.T., mediante ternas de cables unipolares de illante seco tipo Al HEPRZ1. Os cables irán enterrados e a lonxitude total da gabiá a través do parque é de 14,25 Km. A subestación elevadora 30/220 kV posibilita inxectar na rede a enerxía xerada polo parque eólico, dispoñendo de aparamenta de M.T. y A.T., transformadores auxiliares e edificio de control. Posteriormente a enerxía xerada evacuarase a través dunha LAT de lonxitude 4,64 Km sobre 18 apoios metálicos de celosía e con final na Subestación R.E.E. de Trives.

Faise referencia ao cumprimento do Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias ITC RAT 01 a 23, así mesmo indicase que ao respecto dos campos electromagnéticos cumpriranse co Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións as emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións eléctricas que recolle as recomendacións do Consello Europeo 1999/519/CE, do 12 de xullo de 1999, e da Comisión Internacional de Protección contra as Radiacións Non Ionizantes (ICNIRP) que establecen o límite de 5 kV/m para o campo eléctrico e 100µT para campo magnético, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Faise referencia tamén ao documento "Campos electromagnéticos y salud pública", publicado polo Ministerio de Sanidade en 2001, no que se indica que a Recomendación Europea é suficiente para garantir a protección sanitaria dos cidadáns. Así mesmo, efectuase mediante programa de simulación o cálculo do campo magnético, con estado de máxima carga, enriba de tramos subterráneos de liña, no canal dos transformadores 220/30 kV, debaixo do embarrado rixido de 220 kV dentro da subestación e debaixo do vano máis desfavorable (máis achegado a terra) do tramo aéreo da liña de evacuación a 220 kV.



Analizados todos os puntos de estudo, os valores máis elevados de campo accesibles, considerando 1 metro de altura do chan, prodúcese debaixo do embarrado ríxido de 220 kV dentro da subestación de Treboada, acadando un valor de $34,92\mu\text{T}$, inferior ao límite de $100\mu\text{T}$ (ademais neste caso a zona atópase afastada 11 metros da zona accesible do público segundo UNE-EN 62110, aumentando a seguridade).

Indican que tras a execución das instalacións do parque eólico e durante as probas de posta en marcha, realizaranse medicións de campo eléctrico segundo a norma UNE-EN 62110 para a comprobación dos niveis segundo RD 1066/2001, non obstante, recoméndase que o proxecto inclúa unha estimación dos valores dos campos eléctricos xerados polas instalacións eléctricas con respecto ao núcleo de O Reboledo.

Dado que se atopan vivendas próximas a área de implantación do proxecto, en concreto no núcleo de O Reboledo (con distancias superiores aos 30 m) e nos atopamos nunha zona cunha concentración alta de elementos de distribución de enerxía eléctrica que conducen a subestación de Trives (nó de REE), recoméndase analizar o posible efecto sinérxico ao respecto dos campos electromagnéticos por parte das liñas eléctricas respecto do núcleo de O Reboledo.

No referente aos traballadores indican que se cumprirán os requirimentos establecidos no Real decreto 299/2016, do 22 de xullo, sobre a protección da saúde e a seguranza dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a campos electromagnéticos.

Non se menciona o cumprimento tanto da turbina como do equipo relacionado con respecto o establecido na Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética.

2.3.2 Augas.

- Augas de consumo.

Non se especifica a forma de abastecemento de auga de consumo nas fases do proxecto. Deberá asegurarse a súa aptitude para o consumo





humano segundo o establecido no Real decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de consumo humano.

En caso de dispor dun sistema de auga quente sanitaria, este cumprirá os requisitos establecidos no Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que existen na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC):

- Código SINAC da captación 7068: UTM (635601; 4690917). Manancial Sierra Castrelo Za Sas de Penelas – Castro Caldelas.
- Código SINAC da captación 16932: UTM (639814; 4692421). Captación 2 Nogueira – Za San Xoán de Río – San Xoán de Río.
- Código SINAC da captación 16933: UTM (640053; 4692393). Captación 2 Nogueira – Za San Xoán de Río – San Xoán de Río.

A avaliación das posibles afeccións é competencia do organismo de bacía correspondente.

- Augas superficiais e subterráneas.

Ao respecto do sistema hidrolóxico e de drenaxe indicase que a liña de evacuación cruza en dous puntos a rede fluvial, sobrevoando os cauces do regato Lentellas e do río Navea, valorándose os impactos na fase de construción como compatibles. Respecto as augas subterráneas as infraestruturas atópanse na súa maioría sobre terreos cunha permeabilidade baixa o moi baixa-impermeable, sendo os posibles riscos debidos a derrames de sustancias contaminantes (aceites, fitocidas, etc) pero non esperables segundo as accións do proxecto. Refírense medidas correctoras de carácter xeral ao respecto.





Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes.

Deberán extremarse as precaucións nas inmediacións das masas de augas e redes de drenaxe, para evitar vertidos de contaminantes e sedimentos ás mesmas.

- Augas residuais/vertidos.
 - Augas residuais.

Refiren que a xestión das augas residuais fecais, tanto na fase de obra como de desmantelamento, efectuarase mediante sanitarios químicos, polo que non se contempla a realización de ningunha vertedura ao dominio público hidráulico.

O lavado de formigoneiras ou outra maquinaria pesada farase fora do parque ou en zona illada e as augas de lavado xeradas serán recollidas e tratadas como augas residuais por un xestor autorizado.

Indican que tanto na fase construción como de desmantelamento extremarán as precaucións para evitar arrastres, sobre todo no movemento de terras.

Na fase de explotación o edificio de control conta con aseos e dirixirá as augas a un depósito estanco, cuxo contido retirarase periodicamente por un xestor autorizado.

- Vertidos en instalacións de obra.

Ao respecto das operacións de limpeza, mantemento e reparación de maquinaria, estas realizaranse en talleres autorizados e cando non sexa posible en espazos habilitados ao efecto.

Indican que se levará a cabo unha xestión adecuada dos residuos xerados recolléndose en contedores específicos en lugares adecuados e



realizando súa xestión a través de xestores autorizados tanto en la fase de construción como de funcionamento.

- Vertidos procedentes de transformadores.

Ao respecto dos posibles vertidos en transformadores estes dispoñen dun foso de recollida de aceite con revestimento resistente e estanco para recollida do mesmo en caso de rotura.

2.3.3 Chan.

Refiren medidas protectoras e correctoras durante as distintas fases do proxecto para minimizar a afección ao mesmo referindo seguimento ao respecto no programa de vixilancia ambiental.

- Residuos perigosos e non perigosos.

Recollese un estudo sobre os residuos xerados nas fases do proxecto, no que se recollen os tipos de residuos así como as medidas de xestión, almacenamento e eliminación, establecendo medidas protectoras e correctoras e plan de seguimento ambiental.

- Durante a fase de construción do parque eólico e infraestruturas de evacuación, os residuos xerados procederán maioritariamente da obra civil.
- Durante a fase de explotación a xeración de residuos derivará fundamentalmente da substitución do aceite lubricante para os elementos mecánicos dos multiplicadores de velocidade dos aeroxeradores.
- Durante a fase de desmantelamento o tipo de residuos xerados é similar ao da fase de construción.

Identifícase a xeración de residuos clasificándoos en perigosos e non perigosos atendendo a o seu código L.E.R..

- Produtos perigosos.

Indican que os produtos perigosos xestionaranse acorde a súa natureza, atopándose as empresas participantes na obra que los xeren inscritas no



Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos e documentando a xestión dos residuos perigosos segundo a normativa vixente.

- Non caso de emprego de fitosanitarios (herbicidas) ou biocidas, deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e empregos destes.

Indícase que para a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto, sin facer uso do fogo nin de fitocidas.

- Gases illantes (SF₆), que como indicamos con anterioridade, deberían someterse aos estándares e recomendacións de manexo establecidos ao respecto, de xeito que se garanta que na realización dos traballos na carga e descarga dos equipos que os empregan, se contemplen as medidas de seguridade axeitadas, evitando contaminacións do medio, das que se podan derivar afeccións á poboación ou aos traballadores.
- Non se indica a disposición das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Indican que se cumprirán as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

2.3.4 Outras consideracións.

- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras efectúase un estudo no que se ten en conta un área de estudio arredor das turbinas eólicas, correspondente a aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1.500 mts.





Para a análise do efecto parpadeo utilizan o modelo de simulación denominado Shadow, pertencente ao paquete de software WindPRO 3.3, considerándose receptores situados en cada núcleo de poboación e onde 8 puntos receptores superan ou igualan o limiar das 30 horas anuais e 12 puntos receptores igualan ou superan o limiar dos 30 min/día no peor dos casos (sen considerar a nebulosidade ou néboas, e considerando movemento continuo do rotor dos aeroxeradores), seguindo o criterio establecido na WEA-Schattenwurf-Hinweise.

En concreto, superan os limiares os receptores situados no concello de San Xoán de Río (en San Silvestre, Argas Vellas, Casa, Cimadevila, A Lampaza, A Touza, Vilariño dos Palleiros, Castiñeiro e Medos) e no concello de Castro Caldelas (en A Pola, Quintela e Quint 2) con valores comprendidos entre 30:54 y 136:32 horas de parpadeo ano e entre 0:30 e 1:36 horas día.

Indican a realización do control durante o primeiro ano de explotación nos receptores que superen o limiar, plantexando o apantallamento e/ou a programación de parada técnica temporal de aeroxeradores do parque, de maneira que se evite a superación de dito limiar.

Tendo en conta que se superan amplamente o limiar das 30 horas ano, no peor dos casos, deberase realizar unha valoración de caso real en aqueles casos de superación dos limiares de referencia para as vivendas afectadas.

Para o estudo do efecto sinérxico por parpadeo de sombras, dentro do límite indicado anteriormente, dentro da área de influencia do parque de Treboada, estudase o posible efecto sinérxico cos parques de Ventumelo e Serra do Burgo ampliación non existindo receptores dentro da zona de influencia común a ambos parques.

- O proxecto inclúe un apartado onde se analiza a vulnerabilidade do proxecto fronte accidentes graves ou catástrofes, identificando as ameazas potenciais (inundacións, terremotos, incendios, accidentes graves, etc.), así como a avaliación de si se producirán as ameazas identificadas.





- No relativo as medidas necesarias para eliminar o risco de incendios refírense medidas específicas de prevención de incendios forestais, así como medidas de protección contra incendios nos edificios, aeroxeneradores e liñas eléctricas.

A avaliación do risco ou da necesidade de establecer medidas de xestión do mesmo, en relación aos aspectos mencionados, son ámbito da competencia dos organismos con atribucións en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

- Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.

3. CONCLUSIÓNS.

- O presente informe realízase exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudo se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Da análise da documentación aportada para o parque eólico Treboada e liña de evacuación desenvolvida ao longo do presente informe, conclúese que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre os seguintes aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, e que estimamos necesario se aporten para a súa consideración polos organismos competentes:

- Medidas protectoras, de seguridade e seguimento no caso de voaduras.
- Non se estima a posibilidade de xeración de outros gases (efecto coroa – óxidos de nitróxeno) e ácido nítrico en presenza de humidade, nin se valoran os niveis dos mesmos en relación á normativa sobre avaliación e xestión da calidade do aire, e a súa posible incidencia no caso de puntos próximos a





zonas poboadas, así como a súa posible sinerxia con outras liñas eléctricas como por exemplo ao núcleo de O Reboledo.

- Ao respecto do efecto coroa analizarase a posible influencia nos niveis de ruído e a súa sinerxia con outras liñas próximas con respecto a vivendas no núcleo de O Reboledo. Deberán indicarse as medidas preventivas e correctoras a acometer.
- Estimación dos valores dos campos eléctricos xerados polas instalacións eléctricas do futuro parque, segundo o indicado no informe.
- Analizar o posible efecto sinérxico ao respecto dos campos electromagnéticos por parte das liñas eléctricas respecto do núcleo de O Reboledo.
- Non se especifica a forma de abastecemento de auga de consumo nas fases do proxecto. Deberá asegurarse a súa aptitude para o consumo humano segundo o establecido no Real decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de consumo humano. En caso de dispor dun sistema de auga quente sanitaria, este cumprirá os requisitos establecidos no Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiionelose.
- Non se indica a disposición das fichas de datos de seguridade de tódolos materiais perigosos empregados.
- Ao respecto do efecto parpadeo de sombras deberase realizar unha valoración de caso real naqueles casos de superación dos limiares de referencia para as vivendas afectadas.
- Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.





Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

